

SAUVAGE

Camille Vidal-Naquet, 2018

543

ESTREA EN NUMAX: 14.06.2019 | V.O.S.E. | +18

Sauvage (2018, 97')

Dirección: Camille Vidal-Naquet

Guión: Camille Vidal-Naquet

Elenco: Félix Maritaud, Eric Bernard, Nicolas Dibla, Philippe Ohrel, Marie Seux, Lucas Bléger, Camille Müller, Jean-Pierre Baste

Son: Marc Engels

Montaxe: Valérie Deseine

Dirección de arte: Eric Bourges

Vestuario: Lili Canobbio-Mouly, Anna Lalay, Marie-Laure Lasson, Indiana Sylla

Música: Romain Trouillet

Fotografía: Jacques Girault

Produtora: La Voie Lactée, Les Films de la Croisade, CNC (Francia)

Distribuidora: Elamedia

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Mellor Actor Semaine de la Critique), Sevilla 2018 (Premio Ocaña), César 2018 (Nomeado a Mellor Opera Prima)

SINOPSE

Leo ten 22 anos e vende o seu corpo por un pouco de diñeiro, ás veces con amor, ás veces con luxuria. A través dunha serie de encontros que ofrecen unha visión personalizada do complicado e visceral mundo do traballo sexual masculino, Leo atópase a si mesmo buscando o afecto en calquera lugar onde poida obtelo, xa sexa no amor non correspondido do seu amigo, en mans dun estafador ou nos brazos dun cliente moito maior e vulnerábel ca el. Escollerá a súa liberdade e os perigos que a acompañan, ou as comodidades dunha vida estábel? Despois de todo, neste mundo impredicíbel, que lle deparará o futuro?

«Desgarrador. O filme consegue unha caste de elegancia nos intres de dozura e quietude»

Richard Lawson, VANITY FAIR



“Unha idea central foi asumir que o corpo que sufriu a dureza das rúas pode chegar a ser un obxecto de desexo”

Entrevista con Camille Vidal-Naquet
Por Fabien Lemercier

De onde che veu a idea de desenvolver a historia do teu filme no mundo da prostitución masculina?

Non partín dun mundo, senón dun personaxe. Imaxineime a alguén marxinal, fóra das normas, rexeitado, abandonado e en busca do amor. Un personaxe que non se preocupa pola vida material e que non segue para nada iso que nós coñecemos como normas sociais. Iso foi o que me levou despois ao mundo da prostitución masculina. Empecei a investigar sobre esa prostitución tan particular que é a prostitución de rúa, que atinxe á precariedade, xa que a exercen as persoas que viven na rúa. No entanto, interesábame moito o tema do corpo porque imaxinamos que, na prostitución, hai que ter un corpo bonito, ben conservado, soñado, para vendelo, alugalo. Mais cando estamos na rúa non temos acceso á hixiene, comemos mal, temos feridas que non queremos, etc. Unha idea central foi asumir que o corpo que sufriu a dureza das rúas pode chegar

a ser un obxecto de desexo. E entón caín na conta de que a prostitución masculina de rúa non está representada: fálase moi pouco e aínda sae menos nos filmes.

Non sabemos nunca o pasado do personaxe principal, incluído o seu nome. Por que?

O filme non é unha análise sociolóxica. Moitos dos filmes ou dos documentais poderían formular a pregunta de como chegamos a ese punto. O meu filme, pola contra, busca vivir co personaxe, reflectir unha experiencia case sensorial para amosar o estado de sorpresa que podemos vivir cando sufrimos a violencia da exclusión. É máis a embriaguez, a violencia e os momentos que vive que a explicación do por que.

Que poderías dicir sobre a procura de amor do personaxe?

Non estamos afeitos a ver historias de amor nun mundo tan duro como é o da prostitución masculina. Temos tendencia a esquecer que esta actividade é moi deshumanizadora e resumímolos a miúdo a unha función: a prostitución. Pero antes de ser prostitutas son persoas. Tentei amosar que ese personaxe de 22 anos busca afecto, o máis importante de todo, como pode ser normal para moitas persoas, pero que, ao mesmo tempo, pensa na prostitución e na dureza das rúas como algo normal, cousa totalmente incomprendible para nós. Non se queixa nunca, non lle vemos nunca tentar saír do mundo, non ten nada máis, non soña cun tempo mellor: esa é a súa vida e asímeo. Pero hai un momento

no que o pasa moi mal e esixe unha compensación.

Félix Maritaud leva literalmente o filme sobre os seus ombreiros. Si, e era moi complicado, xa que é un papel no que fala pouco. Son os movementos, os xestos. Tiña que estar aí case unicamente polo seu corpo.

Até onde querías representar ou non a sexualidade?

A idea era restituír a realidade na que viven eses mozos e amosar as situacións ás que teñen que enfrontarse, ás veces amables, ás veces mecánicas e tamén esa violencia, esa crueza. Por certo, sorprendeume o feito de que empreguemos a expresión «facer un servizo» para evitar nomear de maneira precisa o que iso implica. Apeteciame que o filme tivese a coraxe de amosar o que é exactamente o día a día dun traballador sexual e aínda así non o reflectimos todo. Non tería sentido eliminar iso, sería como un filme sobre un panadeiro onde non o vemos fabricar o pan. E iso dinos tamén moitas cousas sobre o personaxe: a súa dozura, a súa procura de afecto, a súa xenerosidade, os seus agasallos cos demais, a preocupación pola calidade da relación e, ás veces, a súa inconsciencia total.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.

#eusondenamax